

## Orde do 8 de Maio de 2015

### Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

#### 1. Identificación da programación

##### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	Setembro 2015

##### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
06	Comercio e Márketing	CS06002	Xestión Comercial e Márketing	Superior	Proba libre

##### Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CS0FOL	FOL	55

##### Profesorado responsable

Amalia Casabella López
------------------------

## **2. CONTIDOS**

### **Saúde laboral**

- Condicións de traballo e seguridade.
- Factores de risco: físicos, químicos, biolóxicos e organizativos
- Danos profesionais.
- Medidas de prevención e protección.
- Marco legal de prevención laboral.
- Notificación e investigación de accidentes.
- Estatística para a seguridade.
- Primeiros auxilios.

### **Lexislación e relacións laborais**

- Dereito laboral nacional e comunitario.
- Contrato de traballo
- Modalidades de contratación.
- Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
- Órganos de representación dos traballadores.
- Convenios colectivos.
- Conflictos colectivos.
- Seguridade Social e outras prestacións.

### **Orientación e inserción socio-laboral**

- Mercado de traballo.
- A autoorientación profesional.
- O proceso de busca de emprego. Fontes de información e emprego.
- Traballo asalariado, na Administración e por conta propia. A empresa social.
- Análise e avaliación do propio potencial profesional e dos intereses persoais.
- Itinerarios formativos/profesionalizadores.

### **Principios de economía**

- Variables macroeconómicas e indicadores socioeconómicos.
- Relacións socioeconómicas internacionais.

### **Economía e organización da empresa**

- A empresa: Tipos de modelos organizativos. Áreas funcionais. Organigramas.
- Funcionamento económico da empresa:
  - Patrimonio da empresa.
  - Obtención de recursos: financiamento propio e alleo.
  - Interpretación de estados de contas anuais.
  - Custos fixos e variables.

## O sector productivo na Comunidade Autónoma de Galicia

- Tipoloxía e funcionamento das empresas.
- Evolución socio-económica do sector.
- Situación e tendencia do mercado de traballo.

### 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Analizar os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais
2. Coñecer os distintos tipos de contratos de traballo existentes na lexislación española
3. Coñecer cales son os dereitos e obrigacións de todo traballador na relación laboral
4. Saber elaborar e interpretar unha nómina
5. Distinguir entre modificación, suspensión e extinción dun contrato de traballo analizando as causas e efectos.
6. Describir o sistema de protección social. Principais prestacións da Seguridade Social
7. Coñecer os distintos órganos con capacidade para negociar e representar aos traballadores dentro da empresa
8. Identificar o proceso para unha boa orientación e integración do traballador na empresa
9. Analizar as situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afectar á saúde
10. Aplicar, no ámbito laboral, as medidas de protección e prevención que correspondan a situacións de risco existentes
11. Analizar as actuacións a seguir en caso de accidente de traballo
12. Analizar a evolución socioeconómica do sector productivo na Comunidade Autónoma de Galicia

## 4. CARACTERÍSTICAS DA PROBA E INSTRUMENTOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

### PRIMEIRA PARTE DA PROBA

**Parte teórica** consistente nunha proba obxectiva tipo test de 40 preguntas, con tres ou catro respostas posibles, na que tódalas cuestións terán o mesmo valor. Tres respostas incorrectas anulan unha correcta. A proba puntuará sobre un total de 10 puntos, e para superala será necesario acadar unha puntuación mínima de 5.

### SEGUNDA PARTE DA PROBA

**Parte práctica** consistente en facer 2 actividades sobre:

- \* Confección e interpretación dunha nómina salarial
- \* Resolución dun suposto práctico de extinción de contrato de traballo

A proba puntuará sobre un total de 10 puntos, e para superala será necesario acadar unha puntuación mínima de 5.

- \* O material necesario: bolígrafo e calculadora. **Absolutamente prohibido o uso do móbil**
- \* Duración da proba: tempo máximo 2 horas